



Portomarín (citada como *Portumarini*, no ano 792) – **Palas de Rei** (a *Pallatium Regio* do Codex)

"Las sirvientas de los hospederos del Camino de Santiago que, por el gusto de seducir y también para adquirir dinero, se suelen meter de noche en la cama de los peregrinos por inspiración del diablo, son absolutamente reprobables. Las meretrices que, por esta misma causa, salen al encuentro de los peregrinos en lugares agrestes entre Portomarín y Palas de Rei, no sólo han de ser excomulgadas, sino también despojadas de todo y expuestas, tras serles cortada las narices, al escarnio público".

Codex Calixtinus.

Pobos polos que se pasa:

Portomarín, Cortapezas, Toxibó, Gonzar, Castromaior, Hospital da Cruz, Ventas de Narón, Lameiros, Prebisa, Ligonde, Ereixe, Portos, Lestedo, Valos, Brea, O Rosario, Palas de Rei.

Portomarín – Gonzar 7.7 Km:

Gonzar - Castromaior 1.2 km:

O poboado *castrexo* de Castromaior, de gran potencia arqueolóxica e declarado Ben de Interese Cultural (B.I.C.) exténdese por catro hectáreas cunha croa e varias murallas de ata catro metros de altura, foxos e antecastros, datándose en alomenos 600 anos de antiguidade.

A *igreja de Santa María* era unha encomenda da bailía dos cabaleiros de San Xoan de Portomarín.

Castromaior - Hospital da Cruz 2.4 Km:

Hospital da Cruz, recibe o nome dun *hospital de peregrinos* homónimo que alí había. Hai referencias documentais del aínda en 1739. Tiña unha *capela* dedicada a San Esteban, da que non quedan restos.

Hospital da Cruz – Ventas de Narón 1.4 Km:

Ventas de Narón, ten unha *ermida* dedicada a *Santa María Magdalena* e a súa memoria vencéllase por algúns á vitoria das tropas cristianas fronte ás árabes enviadas contra Galicia en "Naharón", ¿acaso Narón?, próximo ao Miño.

Tamén Benito Vicetto, con máis entusiasmo que exactitude histórica, ubica nesta poboación e no século XV a reunión duns cabaleiros para atacar ao Conde de Lemos, na súa novela *Los hidalgos de Monforte* (1851).

Ventas de Narón – Ligonde 3.1 Km:

Entramos na comarca da Ulloa ascendendo pola Serra de Ligonde (756 m) ata **Prebisa**.

Lameiros será o seguinte núcleo, onde se pode admirar un dos *cruceiros* máis senlleiros do Camiño. Data do ano 1670 e narra na cima o nacemento de Xesús (maternidade da Virxe) por unha cara e a Crucifixión pola outra, e na base, a Paixón, o Calvario (cravos, caveira con tibias cruzadas, martelo e espiñas). Tamén se atopa nesta zona a capela de San Marcos cunha imaxe do santo a quen, cada 25 de maio, cambian as espigas que leva na man.

Ligonde – Ereixe 1.3 km:

Ligonde foi donado en 956 polo conde Osorio Vestráriz e a súa dona Teoduli Pépiz para redimir os seus pecados a favor dos peregrinos. Este pobo acolleu en marzo de 1520 a Carlos V, cando viaxaba para se coroar emperador, e a Felipe II, en maio de 1554 de camiño á Coruña para casar con María Tudor. A toponimia evoca tamén un hospital de peregrinos no lugar coñecido como *Nabal do Hospital* e que seica estivo a cargo da Orde de Santiago, un vello *cemiterio de peregrinos* ben seguro que foi testemuña do seu funcionamento.

Ereixe será a seguinte estación de paso cunha *igreja neoclásica* con portada románica adicada a *Santiago*. No muro exterior sur hai un fermoso relevo que representa a Daniel entre os leóns. Tamén parece que pertenceu á Orde de Santiago.

Eirexe – Avenostre 5.2 km:

Seguimos a **Portos**, dende onde se pode un desviar ata o Mosteiro de Vilar de Donas (fóra do Camiño) con pinturas góticas realizadas ao temple no seu interior e varios sartegos de cabaleiros da Orde de Santiago. Fundado a comezos do s. XII por dúas mulleres da familia dos Arias de Monterroso, para despois pasar a mans da Orde de Santiago.

Continuamos a **Santiago de Lestedo**, cun templo dedicado a Santiago en cuxo retablo podemos ver unha imaxe de Santiago peregrino. O cruceiro presenta un pedestal cuadrangular no que reza a seguinte lenda:

*"Misión de Lestedo, año 1860.
Se conceden diez mil años de... Dus...
rezando cinco veces la oración del
Pater Noster Ave María y Gloria".*

Tivo hospital de peregrinos fundado e mantido polos Ulloa e un cemiterio de peregrinos.

Valos e **Mamurria** serán os seguintes núcleos. Aquí era costume entre os peregrinos lavarse na hoxe desaparecida *Fonte do Remollón*.

Avenostre – Palas de Rei 2.2 km:

Camiñamos cara **Brea** deixando **Ave Nostre**, á nosa esquerda. Seguimos a Lamelas e o alto do Rosario (715 m) dende onde se ve o mítico "Pico Sacro". Daquí descendemos a Palas de Rei. Seica a visión ao lonxe de Santiago dende aquí creou entre os peregrinos o hábito de rezar o Rosario neste punto en acción de grazas.

Disque o nome de Palas de Rei alude ao pazo que aquí posuía o rei godo Witiza.

Estamos na poboación na que, segundo o Codex remata a penúltima etapa para chegar a Santiago.

A igrexa de San Tirso é un dos monumentos máis emblemáticos coa súa portada románica do século XII.